

Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se aproba e publica a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diversas especialidades do corpo de profesores de ensino secundario (590) (Código de procedemento ED003A).

Mediante Resolución do 21 de agosto de 2023, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia correspondente ás seguintes especialidades do corpo de profesores de ensino secundario (590) (Código de procedemento ED003A):

CÓDIGO ESPECIALIDADE	DENOMINACIÓN ESPECIALIDADE
590002	Grego
590107	Informática
590124	Sistemas electrónicos.
590125	Sistemas electrotécnicos e automáticos
590206	Instalacións electrotécnicas
590210	Máquinas, servizos e produción
590227	Sistemas e aplicacións informáticas
590231	Equipos electrónicos

Logo de revisadas as solicitudes de participación, comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos e da nota media alegada polas persoas aspirantes na convocatoria para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas citadas especialidades, de acordo co disposto na base sétima da dita convocatoria procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas das listas de interinidades e substitucións e o baremo provisional nas especialidades indicadas e facelas públicas no portal da Internet desta consellería www.edu.xunta.gal.

En consecuencia, esta dirección xeral,

Resolve:

Primeiro. Aprobar e facer pública no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades www.edu.xunta.gal a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas anteditas especialidades.



Segundo De acordo co disposto na base sétima da convocatoria pola que se acordou a apertura do procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións, as persoas interesadas poderán formular reclamacións contra a relación provisional de persoas excluídas e o baremo provisional, que presentarán obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo normalizado do procedemento ED003A, opción "Alegacións", accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED003A&ano=2020&numpub=1&lang=gl>) no prazo de tres (3) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no portal de Internet da consellería.

Non se admitirán as alegacións que non sexan presentadas a través do procedemento indicado no parágrafo anterior.

Terceiro. A estimación ou desestimación das alegacións presentadas entenderase implícita nunha nova resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos que será publicada no portal www.edu.xunta.gal , pola que se aprobarán as listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas consonte co disposto na base oitava da convocatoria.

Cuarto. Para o caso de que xurda a necesidade de cubrir interinidades ou substitucións con anterioridade á aprobación e publicación das listas definitivas, seguirase a orde de chamamentos establecida na lista provisional de conformidade coa base sétima da convocatoria.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

